

III Simposio Norteamericano de Estudos Galegos
Os Estudos Galegos avanzando cara ao Oeste
Lingua e cultura galegas na encrucillada
Denver, 18-20 de outubro de 2018

Co-organizado por
Regis University
Metropolitan State University of Denver
Colorado College

Solicitud de resumos

Temos o pracer de anunciar a solicitude de resumos para o Terceiro Simposio Norteamericano de Estudos Galegos, que terá lugar do 18 ao 20 de outubro de 2018 en Denver, Colorado.

Co propósito de espallar o campo dos Estudos Galegos ao Oeste dos Estados Unidos, o III Simposio Norteamericano de Estudos Galegos celebrarase en Denver (Colorado), co-organizado pola Universidade de Regis, a Universidade Estatal Metropolitana de Denver e Colorado College. Preténdese crear un espazo de colaboración onde o pensamento crítico guíe un diálogo interdisciplinario e multicultural entre académicos, artistas e intelectuais norteamericanos, galegos e internacionais de diversos campos, co obxectivo de participar nunha aberta e reflexiva conversa sobre temas relacionados coa expansión dos estudos galegos, tanto no ámbito xeográfico coma entre diferentes disciplinas. Este diálogo daranos a oportunidade de expor estudantes e estudosos norteamericanos á riqueza e complexidade da realidade galega e á diversidade de enfoques teóricos para o estudo das linguas e culturas minorizadas.

A terceira edición do Simposio Norteamericano de Estudos Galegos continuará o diálogo multidisciplinar iniciado na Universidade de Wisconsin-Milwaukee en 2014 e na Universidade de Michigan-Ann Arbor en 2016. Cos estudos galegos no centro de atención, este simposio incluírá paneis e presentacións interdisciplinarias sobre unha gran variedade de temas, facendo fincapé no estudo das cuestións relacionadas coa lingua, a literatura, a cultura e a identidade en situacións de linguas e culturas minorizadas. Serán temas de interese, entre outros, os seguintes: lingua galega, lingüística, educación, literatura e artes, historia e política, estudos de xénero, tradución, medio ambiente, teoría social, globalización e migración.

Solicítanse propostas de comunicación de non máis de 300 palabras para paneis e presentacións individuais. As propostas e presentacións poden realizarse en calquera dos catro idiomas da conferencia: galego, inglés, portugués ou español.

As propostas poden enviarse ata o 10 de maio de 2018 ao seguinte enderezo electrónico:
galicianstudies@regis.edu

O Comité Científico do III Simposio revisará todas as propostas enviadas.

A taxa de inscrición no Simposio serán 100 dólares norteamericanos.

Comité organizador: Obdulia Castro (Regis University), Maria Akrabova (Metro State University), María Rey-López (Metro State University), Gabriel Rei-Doval (University of Wisconsin-Milwaukee), Carrie Ruiz (Colorado College), Miriam Sánchez-Moreiras (Regis University), Cristina Moreiras Menor (University of Michigan-Ann Arbor)

Para máis información, dirixirse a Obdulia Castro (ocastro@regis.edu).